

Vila Nova de Cerveira e Tomiño, primeiros concellos en coñecer os detalles do proxecto Smart Minho

☐ Pulsa para escoitar



Arranca a rolda de reunións para presentar a Estratexia de Cooperación Intelixente do Río Miño Transfronteirizo-Smart Minho aos concellos implicados. Representantes da Deputación de Pontevedra e da Comunidade Intermunicipal do Alto Minho (CIM Alto Minho) reuníronse esta tarde coa alcaldesa de Tomiño, Sandra González, e co presidente da cámara municipal de Vila Nova de Cerveira, Fernando Nogueira, na que é a primeira xuntanza técnica de traballo para discutir os aspectos máis sobranceiros da cooperación entre vilas limítrofes e as estratexias conxuntas que deben de artellarse para que a cooperación se converta nun motor de desenvolvemento do territorio.

O obxectivo do Smart Minho é facer un estudo en profundidade do territorio que engloba ao sur da provincia de Pontevedra e ao norte de Portugal, descubriendo as súas fortalezas, debilidades e complementariedades con vistas a deseñar un desenvolvemento estratéxico conxunto que permita poñer en valor os seus recursos comúns a través da cooperación transfronteiriza.



A Estratexia de Cooperación Intelixente pretende ser un programa de actuación para as vindeiras décadas de cara a un novo marco financeiro, un instrumento para apoiar a

preparación de solicitudes candidatas a financiamentos para rexións fronteirizas e identificar os proxectos áncora de desenvolvemento do territorio.

Toda esta estrutura será artellada e xestionada a través da Agrupación de Cooperación Territorial Río Miño (AECT), que está en pleno proceso de constitución.

Máis fotos [premendo aquí](#).